

ACUICULTURA E DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Adela Figueroa Panisse*

Estes días estamos a escoitar diferentes opinións acerca da planta de cría de rodaballo que Pescanova pensaba instalar en terreos da Rede Natura no cabo Touriñán. Segundo confesan os veciños, vendéronlle as terras a 1 euro/m² (350.000 m²) coa esperanza de teren traballo na planta. As declaracións dunha das veciñas de Touriñán abraioume especialmente: "Nós nin sabiamos que isto era Rede Natura. O que nós queremos é que os nosos fillos non teñan que emigrar como fixeron tantos outros".

Precisamente niso está o cerné da cuestión. Os veciños e veciñas que habitan nas zonas de especial protección deberían beneficiarse diso. Mais os planos para recibiren este beneficio non poden demorar. Teñen que ser XA!. Dende ADEGA concordamos plenamente coa postura da Conselleira de Pesca e a do Conselleiro de Medio Ambiente, no caso Touriñán: a Rede Natura debe de ter unha afección cero¹. Mas iso non ten que ser unha carga para as persoas que viven nestes espazos, que, en definitiva, estiveron a coidar ate agora. Esta xente ten que ter unha compensación. É de xustiza e é a única maneira que estes espazos se conserven.

A acuicultura é unha industria que se pode facer cada vez máis necesaria pola limitación dos caladoiros e pola redución das capturas, debida a sobreexplotación dos recursos. Mais as industrias deben ser instaladas en lugares que non danen espazos protexidos, que son de interese xeral. Sería gañar unha riqueza para uns poucos á costa de outra maior, de todos e todas. As dúas riquezas deben ser complementarias. O Plano Sectorial elaborado pola anterior Xunta de Galiza non tiña en conta para nada esta realidade. A empresa e a anterior Xunta (o anterior Conselleiro de Pesca, López Veiga é parte interesada na empresa de Pescanova) tiña xestionadas axudas europeas para a



instalación das granxas de engorde de rodaballo de Touriñán e de Xove. O negocio estaba servido: axudas europeas, compra de terreos case de balde, engano aos veciñ@s con supostos postos de traballo que non son reais, pois se necesita unha certa especialización e ademais son menos dos que se nos queren presentar.

Non me opoño a que unha empresa gañe dividendos e reparta cos seus accionistas. O que para min é inmoral é que desde os postos de xestión política se beneficien as persoas por información privilexiada, que se destrúan as riquezas naturais dun país para enriquecerse os que xa son ricos dabondo, e que se xogue cos veciños coaccionando e facendo demagogia cos postos de traballo.

Os veciños e veciñas de Touriñán teñen razón nas súas reclamacións. Compre que a Xunta tome en serio este problema. Este non se vai solucionar nin con un parador (!) nin cunha planta de engorde de rodaballo. Si que se pode arranxar con solucións mais imaxinativas, por exemplo: restauración do vello convento

de Moraime, para turismo rural; instalación dunha unidade de Desenvolvemento Rural que promova os valores turísticos e etnográficos da zona (moi valiosos); tratamento tributario preferente, por ser zona de protección ambiental; concesión de bolsas e axudas ao estudo para os habitantes da zona; tendido eléctrico e de *internet*, pensando na posibilidade dunha cooperativa de produción con vendas locais e a través da rede, etc., e isto sen contar coas obrigadas subvencións europeas e galegas para o desenvolvemento sustentábel destes espazos protexidos.

Todas estas posibilidades existen. Pescanova pode pór a súa piscifactoría noutro lugar que a Consellaría lle propoña, e non debería chantaxear nin a Xunta nin á cidadanía galega. Todos sabemos que Pescanova ten granxas noutras partes do mundo, como en Chile ou en Andalucía, e se escolleu Touriñán foi porque a anterior Xunta de Galiza lle deu facilidades nun beneficio mutuo, e nun proceso de venda barata do País.

*Adela Figueroa Panisse é presidenta de ADEGA

¹ Lamentamos que o mesmo non se cumpra en Rinlo (Ribadeo), coa granxa de engorde que está a construír alí (tamén en Rede Natura) o Sr. Álvarez Cascos.